



# Concello de **OURENSE**

## **DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense 11 de novembro de 2017**

Visto o informe-proposta, de data 06 de novembro, elaborado pola titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (Decreto 2017002712 de 18/04/2017), refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de crédito feita pola Concellería de Urbanismo, mediante providencia de data 05 de outubro, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o artigo 16º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente,  
**ACORDO:**

**1.- Aprobar a modificación orzamentaria 34-X/2017, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:**

<b>APLICACIÓN DOS FONDOS</b>		
<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
N130.1512.22697	Convenio actuacións Limpeza e Restauración das Burgas	13.068,00 €
TOTAL.....		13.068,00 €

<b>ORIXE DOS FONDOS</b>		
<u>CONCEPTO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
45066	Subv. Xunta Convenio Limpeza e Restauración Burgas	13.068,00 €
TOTAL.....		13.068,00 €

**2.- Crear o seguinte proxecto específico de gasto:**

**Código:** 17.2.13.12

**Título:** Limpeza e restauración das Burgas (Burgas de Abaixo)

**Importe:** 13.068,00 €

**Período de execución:** ata 15 de decembro de 2017

**Aplicación orzamentaria de gasto:**

N130.1512.22697 Convenio actuacións de Limpeza e Restauración das Burgas 13.068,00 €

**Financiación:**

Subvención Xunta Convenio actuacións de limpeza e restauración das Burgas (concepto de ingresos 45066): 13.068,00 €

**Axente:** Xunta de Galicia (S1511001H): 13.068,00 €

**Vinculación:** Cualitativa e cuantitativa

**3.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.**

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

